



PROGRAMA  
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA  
ESPAÑA - PORTUGAL  
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRICA  
2007 - 2013

Invertimos en su futuro

Unión Europea  
FEDER



XUNTA  
DE GALICIA

Estimados amigos,

O Consello Galego de Cooperativas vai a estar presente na **37ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia**, dentro do **18º Salón de Alimentación del Atlántico, SALIMAT 2014**, que se celebrará do 12 ao 15 de xuño no recinto feiral da Semana Verde de Silleda.

A proposta deseñada no entorno do proxecto Cooperativa+ comprende unha serie de actividades paralelas que se incluirán dentro do programa da feira:

- Instalarase a exposición “Descubre as cooperativas”, que ten como finalidade presentar as posibilidades da fórmula cooperativa para a xeración de riqueza e emprego. Esta exposición, a través das suas pantallas interactivas, permitiralle ó visitante facer un percorrido polas potencialidades do cooperativismo e orientar os emprendedores sobre o funcionamento deste modelo empresarial.
- O venres 13 de xuño a partir das 11.30 h., e no Clube do expositor do Pavillón 1 primeiro andar, celebrarase unha xornada técnica do proxecto Cooperativa+, un proxecto destinado a promover a fórmula do cooperativismo na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a colaborar na consolidación das cooperativas activas co fin de xerar máis e mellores empregos.

Durante o devandito acto exporanse as iniciativas que se levaron a cabo ao abeiro deste proxecto, así como a presentación dos resultados dos recursos do mesmo para o cooperativismo, especialmente centrados na comercialización, internacionalización e Marca Cooperativa.

- Ese mesmo día 13, a partir das 13.00 h., degustación do “Menú: Cooperativas de Galicia” *Consumo responsable consumo Solidario con Galicia*. Actividade na que está previsto que asistan institucións, cooperativas, importadores, distribuidores, público en xeral e medios de comunicación. Os pratos do menú estarán elaborados por cociñeiros galegos de recoñecido prestixio, pertencentes o grupo Galicia Gourmand, que presentarán tanto os segredos da elaboración como as principais bondades dos produtos que se usaron para cociñalos.

Dende a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social sentirémonos moi honrados de contar coa súa participación. Mais información a través do teléfono 646 134 647 ou do correo [actividades@eusumpt.coop](mailto:actividades@eusumpt.coop).



Odilo Martínez Rodríguez  
Director Xeral de Traballo e Economía Social

Santiago de Compostela, 03 de xuño de 2014